

Unha rede de raíces e coidados Amasa o teu cerebro.

Centro educativo y lugar:

**Colexio Santa Teresa.
Vistahermosa, Alicante.**

Data de realización: Curso escolar 2018-2019,
en execución.

Persoa de contacto: **Eduardo Barceló.**

Datos de contacto: barcelosala@gmail.com

Contexto do centro, nivel educativo e perfil do alumnado

É un centro privado concertado de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, educación especial e apoio á integración. Somos un colexio con proxecto plurilingüe en castelán, valenciano e inglés. Inspírase na pedagogía de Pedro Poveda que:

- Atende á formación da persoa, ao desenvolvemento das súas capacidades e ao descubrimento de Deus na vida.
- Recoñece que cada persoa é un ser singular e único.
- Mantén viva unha pedagogía da proximidade, inspirada no amor que se expresa a través do afecto, o recoñecemento, a acollida, o estímulo e o compromiso.
- Asume como estilo educativo a comunicación, o diálogo e a participación.
- Une ao coñecemento da ciencia o coñecemento e a experiencia da fe.

Breve descripción da experiencia

En que consistiu?

É un proxecto vertebrado a través de todas as etapas do centro. Fisicamente, a horta está sita dentro do patio de Infantil, xa que o obxectivo é sensibilizar desde as idades máis temperás, aínda que hai actividades que se realizan noutros espazos do colexio (clases, terrazas, cociña etc.).

Iniciouse este curso 2018-19, aínda que hai partes doutros proxectos iniciados o curso pasado que se sumaron a este, como os APS doutras materias e o proxecto «Amasa o teu cerebro». A duración das actividades é variable e vai das semanais a outras que son anuais. A duración en xeral do proxecto é cíclica, polo que abarca un ano escolar.

Promovemos traballar o pensamento crítico a través de actividades de materias e que están ligadas á alimentación saudable, á intelixencia emocional, ao proceso de obtención de alimentos, á reutilización e reciclaxe dos recursos, ao enfoque de xénero, a inclusión de toda a comunidade educativa, integrando alumnado, familias, profesorado e PAS. En resumo, o proxecto preséntase como un espazo multidisciplinario onde se tocan todas as esferas da vida.

Que me propuña?

- Demostrar o doado que resulta montar unha horta urbana e practicar a agricultura ecolóxica, o consumo responsable e a alimentación saudable.
- Participar o compromiso e a acción para favorecer o desenvolvemento humano sostible desde a perspectiva dun mesmo e da comunidade.
- Reflexionar sobre a situación global na que se atopa o noso planeta e deixar constancia de que somos parte activa no impacto que teñen as nosas accións.
- Canalizar actividades educativas de traballo por proxectos, ApS, PSP, obxectivos do PAT e do PAD, experiencias educativas de distintas áreas/materias.
- Traballar as emocións e os coidados que se reforzan a través do Plan de Convivencia con aquel alumnado que ten dificultades de conduta.
- Favorecer a integración do alumnado e do profesorado das distintas etapas do centro.



Breve descripción da experiencia

Que fixen e Como o fixen?

A metodoloxía que aplicamos neste proxecto caracterízase por que todas as actividades que suxerimos son multidisciplinares, eminentemente prácticas e están ligadas a contidos curriculares, polo que nunha mesma actividade na horta escolar estamos a traballar un obxectivo curricular dunha materia, un obxectivo do PAT, o enfoque de xénero, a sostibilidade ambiental e aspectos socio-educativos.

Traballamos realizando aprendizaxe cooperativa, ApS, PSP, aprendizaxe baseada en proxectos transformadores. Na parte na que están integrados a horta escolar e os obradoiros de cociña e xestión das emocións, trabállanse obxectivos curriculares, a alimentación saudable, a relaxación a través do amasado, a cohesión familiar e a aprendizaxe cooperativa.

Que logros conSeguín/ conSeguimos?

O proxecto iniciouse hai poucos meses polo que aínda non temos un rexistro de todos os aspectos transformadores que se conseguiron.

Polo momento, na parte da horta, a través da ApS, os nenos máis grandes transmitiron os seus coñecementos sobre a agricultura, os sementeiros e a alimentación saudable aos máis pequenos.

Nos obradoiros de cociña ensináronse obxectivos curriculares da área de matemáticas, técnicas de relaxación a través do amasado e cohesión familiar.

Na comunidade educativa, supuxo, nalgúns casos, o cambio de paradigma de como levar a cabo actividades. Nalgúns casos supón unha formación e unha aprendizaxe de novas destrezas que permiten un enriquecemento tanto persoal como profesional.



Breve descripción da experiencia

Que elementos da estrutura escolar e do contexto penso que foron un apoio ou un freo para conseguir os logros?

Que aprendizaxes e retos extraio?

Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia:



Como é un proxecto de varias etapas, somos conscientes da súa complexidade e é imprescindible que, especialmente, o claustro e o persoal non-docente sexan conscientes do esforzo e a implicación que supón. Así mesmo, está a ser fundamental a asesoría de InteRed, que nos está permitindo ver que proxectos (por exemplo, de ApS) poden saír a partir deste proxecto en varias etapas. No tocante ao contexto, é unha oportunidade contar cun centro que ten amplas áreas verdes e un clima ideal para a horta.

Como aprendizaxes, vemos que é un crecemento para toda a comunidade educativa, tanto no aspecto persoal como no profesional. O feito de estar en contacto coa natureza sempre supón conectar distintas esferas da persoa (física, mental-emocional, espiritual...).

Como retos, vemos que supón un gran investimento de tempo, esforzo e diñeiro. O proxecto supón estar en contacto coa administración e distintos aspectos burocráticos que, en ocasións, son longos. Tamén, malia que hai parte do profesorado que está motivado co proxecto e está a conseguir resultados moi satisfactorios, hai outro grupo no que a motivación supuxo nalgúns momentos un reto.

A coordinación lévase desde o departamento de Orientación de Infantil-Primaria, xunto con algúns mestres do colexio e InteRed, que nos brinda apoio institucional para ligar actividades puntuais.

O orientador de Infantil e Primaria é o coordinador do proxecto xunto co profesor de educación física de Secundaria. Participa o profesorado do colexio nas distintas etapas nas que se realizan as actividades. E tamén o alumnado que ten varios roles, tanto de recibir actividades como de organizar e dinamizar accións.

Breve descripción da experiencia

Recursos ou materiais de apoio/referencia:

Na plataforma hai distintos recursos clasificados por etapa, materia, idade etc., o que facilita ao profesorado preparar actividades. Polo momento, coas actividades que se levaron a cabo, a integración e coordinación foi moi satisfactoria.

Concibimos a horta en dous espazos, a terra e a hidroponía, porque sendo realistas non todo o mundo ten acceso a un terreo; polo tanto, unha forma viable é a través da hidroponía e do uso de xardineiras, que permiten crear unha horta no propio fogar. O uso dos materiais para a hidroponía vai ser o máis respectuoso co medio.

Afortunadamente, o noso colexio ten espazos verdes e con este proxecto ambicioso propuxemos afianzalo actualmente no espazo físico de Infantil, co obxectivo de que nos seguintes cursos poidamos repartir a horta noutros espazos do centro e, deste modo, poder contrastar como se desenvolven distintas especies de verduras e hortalizas. Sería algo similar á metodoloxía que utilizaban os incas de plantar por aneis en distintos balcóns para poder constatar que especies se adaptaban mellor segundo distintas variables. Polo momento, ademais do terreo de Infantil, distintas clases teñen sementeiros nas súas clases e en terrazas repartidas polo centro.

Co apoio financeiro da:

